



BANDO

Este ano, para facer as **FOGUEIRAS TRADICIONAIS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO** os días 23 e 28 de xuño de 2026, deberá presentarse no concello de Cabana de Bergantiños **DECLARACIÓN RESPONSABLE**.

Conforme ás directrices ditadas polo **Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais** da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, deberán observarse igualmente as normas de seguridade para que non se produzan posibles incendios que afecten a masas forestais. Consonte co anterior, só se concederá autorización de queima para os efectos típicos ou tradicionais das "cachelas" os días 23 e 28 de xuño de 2026 e de acordo coas seguintes particularidades e en concordancia co Decreto 105/2006, do 22 de xuño de 2006, da Consellería do Medio Rural:

- Haberá sempre xente ó lado do lume e terán auga suficiente para apagar o lume en caso necesario.
- O lume acenderase despexado de posibles riscos de propagación. Unha vez rematado, apagaranse os restos de brasas ata a súa extinción total e deixarase o lugar limpo de refugallos.
- Non se aproveitará a cachela para queimar restos domésticos (colchóns, mobles, táboas, roupa), agrícolas e forestais.

Así mesmo, atenderase ás seguintes **CONDICIÓN XERAIS**:

- ✓ A **CACHELA NON SE INSTALARÁ EN ZONA DE DOMINIO PÚBLICO**. Os responsables encargaranse de que o lugar sexa axeitado para facer fogueira
- ✓ A declaración responsable debe ir acompañada dun plano de situación do espazo privado ou ref. catastral da parcela na que se vai a situar a cachela.
- ✓ Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer o número de teléfono dos Bombeiros **(080)** e o número de emerxencias **112**.
- ✓ En zona urbana o volume do combustible da cachela non excederá dos 3 metros de perímetro, nin 1 metro de altura en zona rural; o volume do combustible da cachela non excederá dos 5 metros de perímetro/diámetro nin 3 metros de altura.
- ✓ A separación entre as cachelas, edificios, árbores, vehículos e mobiliario urbano serán como mínimo de 12 metros, excepto no casco urbano.
- ✓ Porase especial coidado de non situarlas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
- ✓ Prohíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
- ✓ Prohíbese a colocación e exhibición de pancartas que non estean expresamente autorizadas.
- ✓ A hora límite para rematar a celebración é ás **04:00 horas da madrugada**, de acordo co horario establecido na Orde da Xunta de Galicia reguladora do horario de inicio e finalización das actividades recreativas.
- ✓ Decreto da Xunta de Galicia, para a celebración de festas e romarías populares.
- ✓ Será obrigatoria a limpeza do espazo ao remate da actividade, incluídos os elementos utilizados para o desenvolvemento do mesmo, inmediatamente despois de rematar a cachela e/ou sardiñada.

O PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES É:

- **Para a cachela de San Xoán: do 4 ó 18 de xuño de 2026, ambos incluídos.**
- **Para a cachela de San Pedro: do 4 ó 23 de xuño de 2026, ambos incluídos.**

A presentación da declaración responsable poderá facerse:

- **Telemáticamente:** sede electrónica do concello (<https://sede.cabana.gal/opencms/gl/>) a través de "solicitud xeral" e **achegando en todo caso o modelo de declaración responsable** publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica, xunto con un **plano ou referencia catastral** da parcela.
- **Presencialmente**, nas oficinas do concello en horario de 09.00 a 13.30 horas achegando a declaración responsable, xunto co **DNI e plano ou referencia catastral**.

*O Alcalde. José Muíño Domínguez.
Documento asinado dixitalmente.*